

Os Celtas da Europa Atlántica

**ACTAS DO 1º CONGRESO GALEGO
SOBRE A CULTURA CELTA**

Ferrol, agosto 1997



CONCELLO DE FERROL

A cultura material: Continuismo

Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos

Ó falarmos da historia, na meirande parte dos casos semella feita a retallos, coma se de súpeto unha cultura se esvaecera na brétema dos tempos, xurdindo outra en plenitude de feitos e formas; nada máis lonxe da realidade, a historia é unha consecuencia lóxica dos feitos dos homes, e tódalas accións destes teñen a súa réplica no futuro. Se os feitos dos homes nos levan cara o futuro por un camiño que pouco a pouco van trazando, do mesmo xeito, podemos recuar (coas debidas precaucións) por ese mesmo camiño, para poder entender a vida cotiá dos nosos devanceiros dende a antigüidade ata os nosos días.

En Galicia, a etapa cultural máis emblemática é a Idade do Ferro, más coñecida como cultura “*Castrexo*”, pola súa relación cos poboados fortificados ou castros, e polos seus habitantes, os celtas galaicos.

O celtismo en Galicia é algo assumido con naturalidade, agás por algúns “investigadores” que obviando a toponimia, as inscricións, os achados e mesmo os textos dos contemporáneos (Estrabón, Pomponio Mela, Plinio...) teimando en facer unha cultura curiosa nun recuncho da península ibérica. Tendo en conta que o celtismo é un estadío cultural dentro do mundo indoeuropeo que abrangue a meirande parte de Europa, super poñéndose por riba de pobos e xeitos de vida; é doado resaltar as características locais esquecendo as xerais, manipulando a historia ó seu gusto.

Dentro do mundo celta, o chamado *arco atlántico* ten unha relevancia especial; nel conserváronse dun xeito teimudo contra os avatares históricos, por mor da súa situación periférica os seus xeitos de vida, usos e costumes atávicos. Pero non sería xusto comezar cos celtas coma se aparecesen de súpeto, ¿que poderíamos atopar antes do Ferro?.

Parece ser que as relacións entre as *fisterras atlánticas*, temos que buscalas no neolítico, onde podemos constatar hoxe en día, contactos entre Galicia e a Bretaña, por mor de pezas cerámicas atopadas de estilo e factura de tal semeillanza, que evitan calquera dúbida. Por outra banda atopámonos cos estudios

de Colin Renfrew defendendo o desenrolo autóctono do megalitismo atlántico sen perxuizo de influencias duns sobre outros.

Os contactos atlánticos non parecen esmorecer co paso dos séculos, espirexendo a cultura do vaso campaniforme por Europa, e chegando ata a Idade do Bronce, onde as relacións culturais entre o O e o N peninsular proxéctanse por todo o O europeo formando o que o profesor D. Luís Monteagudo denomina “*Koiné Atlántica*”. Este tipo de relacións nas últimas etapas ou culturas, vense reforzadas pola chegada ó occidente europeo das migracións proto e posteriormente indoeuropeas que en sucesivas vagas fóreronse asentando nestes lares, mesturándose cos autóctonos. Descoñecemos se a mestura foi traumática ou pacífica, pero definitivamente foi transcendental no posterior desenrolo do celtismo do O europeo.

Antes de entrar máis a fondo, temos que subliñar unha serie de puntos vitais cara o tema que nos ocupa.

Para levar a cabo o estudio destes territorios e xacementos, temos que ter en conta no primeiro lugar a orografía do terreo; por unha banda atopámonos cun relevo accidentado no NO peninsular, en contraste coas grandes chairas da Bretaña; evidentemente unha mesma xente que ocupase estes espacios, atoparíase con diferentes problemas de adaptación ó medio. Dun certo modo, as grandes extensións favorecen a concentración de núcleos habitacionais, en contraposición cos relevos montañosos, onde a proliferación de serras, montes e vales, favorecen a dispersión do hábitat; un exemplo ben doado, serían os pequenos castros do NO peninsular a diferencia das grandes *oppidas* das chairas. Outros tipos de xacementos que responden a ese patrón, poden se-los túmulos funerarios e menhires. Namentres os que se presentan en grupos teñen unhas dimensións moderadas, os que aparecen illados aumentan considerablemente de tamaño, cunha finalidade práctica visual, complementaria das outras funcións deste tipo de depósitos.

Os seres vivos en xeral e os humanos en particular, adoitan delimita-los os seus territorios dun xeito o suficientemente evidente, como para que os seus semellantes se decaten claramente destes sinais. No caso do mundo castrexo, non ían ser unha excepción, atopámonos con elementos naturais (serras, montes, ríos...) e límites artificiais (túmulos, menhires, petroglifos... neste derradeiro caso temos uns característicos, denominados de termo, que seguen a ter vixencia áida hoxe en día). Os límites naturais son ben doados de discernir, sobre todo pola monumentalidade de moitos deles, namentres os artificiais necesitan dun previo estudio.

Dende a máis remota antigüidade ata o presente, atopámonos cunha relación directa entre os asentamentos e as súas necrópoles, que nos atrevemos a afirmar que adoitaban ter un contacto visual entrámbolos dous elementos en cuestión. Dende os más importantes poboados ata as más sinxelas granxas presentan a súa propia morada para a vida de ultratumba, e cando xentes dun-

ha mesma, chamémoslle etnia, dispersos por un territorio quedaban o suficientemente afastados, tiñan que poñer unhas marcas de enlace.

Hai moitos anos que diversos investigadores se decataron de que unha das funcións de parte dos túmulos (que non de todos), era a delimitación de fronteiras, ó igual cos menhires e algúns petroglifos; se pensamos que os pequenos límites das antigas poboacións co paso do tempo foron medrando por mor do crecemento demográfico, alianzas e centos de motivos varios, a anexión duns territorios con outros deu en presentar unha nova configuración ocupacional onde as fronteiras periféricas, amplían e protexen ós que antes eran alleos.

Por sorprendente que poida parecer, na actualidade seguimos a utilizar teimuda e case inconscientemente os vellos recursos; vexamos un exemplo.

No documento coñecido como Tumbo I de Celanova, atopámonos cun deslinde de terras ordenado polo rei Ramiro II aló polo ano 950, entre os actuais concellos de Cualedro e Trasmirás (Ourense), no que se utilizaron as antigas marcas de referencia, entre as que se atopan un castro, arcas de pedra (dolmens), arcas de terra (mámoas), pedras fitas (menhires) e burgarios (pías). O máis curioso do caso, é que nos anos 90 a Xunta de Galicia fixo de novo o mesmo deslinde nos devanditos termos, utilizando as mesmas referencias.

Outro aspecto relacionado co anteriormente exposto, é o caso dos camiños de montaña flanqueados por túmulos. Estes camiños soen trazarse dun xeito escrupuloso para non toca-los territorios que bordean, polo que o tránsito por eles non tiña que ser considerado unha ameaza polos seus moradores. Hoxe en día, os túmulos seguen a aparecer nidicamente nos límites actuais, tanto de parroquias como concellos, provincias, etc...

Centrándonos na Idade do Ferro, o asentamento por excelencia (que non o único) é o castro, que non é outra cousa que un poboado fortificado; nada novo por outro lado, se temos en conta que os primeiros xa aparecen no neolítico e non só en Europa.

O problema dos castros galegos, que foron considerados durante moitos anos como entidades individuais sinxelas, nas que os seus habitantes tiñan por costume escornarse cos veciños, presentando un mundo moi primitivo e ruín. Nada máis lonxe da verdade; cun sinxelo traballo de campo, podemos observala íntima relación entre distintos depósitos, de xeito que varios poboados pertencerían a un mesmo territorio.

O artellamento territorial, pasaría por un castro principal onde atoparíamos o xefe cos seus acólitos e soldados, e outros elementos sociais de diversa índole vitais para o desenrollo socio-económico. Paralelamente a este, unha sucesión de castros dependentes do principal, estarían encargados da produción mineira, gandeira, dalgún xeito de manufactura ou do que fose característico de cada zona. Non debemos obvia-las granxas e casas de campesiños, alleas os castros (formalmente) pero cunha relación de interdependencia.

No que se refire á distribución interna do poboado, temos que destacar na

croa, no punto máis alto e protexido, a residencia dos principais, baixando de categoría a medida que se van espaciando desta; un punto moi común nos castros é o feito de atoparnos con asiduidade as vivendas-taller dos artesáns e metalúrxicos a carón das murallas. Así mesmo débese subliña-la presencia de fontes ou depósitos de auga moi preto do corpo da garda. Outro dos tópicos a comentar, é o seu urbanismo. Moitos estudiosos teñen case como dogma de fe, unha aparente anarquía na ocupación habitacional; en moitos casos a observación dos depósitos semella confirmar isto, nembargantes, e tendo en conta a cantidade de desfeitas levadas a cabo pola man do home, como arrasar e dedicar a cultivo as croas, vende-las pedras, etc o pouco que nos queda, como parte dos cimentos que por mor do deterioro quedan descontextuados, fainos desconfiar das apariencias. Cando temos a ocasión de percorrer un castro o suficientemente illado e pouco desfigurado, podemos observa-los trazados das ruelas e os barrios; en ocasións temos ollado vivendas, sen reconstruír, de preto de tres metros de altura, vivendas que aproveitando a aba teñen varios niveis simultáneos de ocupación, presentando planta baixa e piso, datos que non nos poden facer esquecer, que a meirande parte das vivendas son sinxelas e de planta circular, moitas delas amais con avances a xeito de antenas que no caso de compartir tellado coa estructura principal aumentan considerablemente as dimensións, e utilidades da casa.

As vivendas redondas sempre foron unha grande incógnita para os arqueólogos, hai pouco tempo chegouse a afirmar que era un xeito de construción moi adecuado para termar da presión do tellado; de tó dolos xeitos, é unha forma de construcción de tipo atávico, se cadra reminiscencias das anteriores chozas de estrutura vexetal, que en moitos lugares foron contemporáneas das de pedra. Circulares e illadas, ¿claro expoñente do individualismo galaico?; pero ¿e isto certo?, se cadra deberíamos fixarnos noutros detalles de construcción que áñada conservamos nas vellas casas do noso campo. Galicia ó igual co resto dos países que conforman o chamado *eixe atlántico* caracterízase por unha constante: a elevada pluviosidade; alleos ós múltiples avances e comodidades, os castrexos buscaron solucións prácticas contra as inclemencias do tempo.

Por un lado temos observado unha liña de aparello que sobresae da parede polo seu lado exterior a certa altura da rúa; a función deste sistema constructivo, serve para que no caso de que a auga esvare pola parede, ó chegar a esta liña, saia polo alerón no canto de entrar na casa. Outro aspecto notable, foi atopar en diversas ocasións, uns grandes regos cruzando as vivendas, que non son outra cousa que un rústico sistema de auga corrente, coñecido non só aquí, senón en case toda Europa, pasando polo medievo ata hai ben pouco; de feito no ano 1986, tivemos a ocasión de comprobar este sistema nunha casa con chan de terra pisada, áñada ocupada por unha parella de velliños en San Xurxo da Mariña (Ferrol). Ó atoparnos cun castro nun estado aceptable de conservación, observamos que as casas circulares semellan evitar todo contacto coas dos

seus veciños, pudiendo comprobar que o espacio entre vivendas non é apto para o paso de persoas ou animais, e para evitar todo tipo de circulación, soen sobreasir pedras das paredes, anulando toda posibilidade de tránsito.

Por outra banda, se nos fixamos un día de choiva abundante, comprobamos como a auga discorre docilmente bordeando as casas, sen apozarse ó non ter onde facelo contra paredes redondas. Un detalle básico era ergue-la soleira da porta sobre o nivel das rúas, tendo acceso ás vivendas por medio de chanzos de madeira; as casas presentan a porta e pouco máis por onde poida escapa-lo calor, carecendo incluso de chimenea, filtrando o fume da lareira directamente a través do tellado de palla. Todo esto séguese a conservan nas zonas más illadas de Galicia, onde tamén se pode ollar como tralo paso dos séculos, os marcos de portas e xanelas séguense a facer coas mesmas solucións arquitectónicas da época castrexa.

Outro xeito de se protexer das inclemencias do tempo sería avanzando os aleiros dos tellados de forma que se superpuixeran, protexendo as ruelas, tal como podemos ollar hoxe en día en moitas aldeas.

Unha vez metidos en vivendas, tense afirmado en múltiples ocasións que, as actuais pallozas, son reminiscencias castrexas, punto que non compartimos, por consideralas casas de aldea, que seguen a estar ocupando o seu espacio habitacional natural, e polas súas dimensións e estructuras más semellantes a estas, que as espartanas casas castrexas. Moitas das pallozas na Idade do Ferro, estarían reunidas en grupos, e probablemente rodeadas de empalizadas para protexe-lo gando principalmente dos ataques dos lobos e os osos.

Ó falar das construccíons castrexas, non podemos esquece-las casas con banco corrido, onde se farían as xuntanzas, que como mencionan Posidonio e Estrabón, sentábanse segundo a dignidade e posición social.

Antes de saír do castro atopámonos con outro tipo de construcción que deu lugar a grandes controversias; estámonos a referir ás pedras formosas, como se deu en chamar a un tipo de construcción con forno, que nalgúns casos aparece cunha fachada feita dun bloque de pedra artisticamente traballado, o que lle deu o nome a este tipo de estructuras, representando as construccíons orixinais de tipo vexetal. Soen compoñerse dun atrio cun tanque de auga, unha antecámara, cámara e forno, áinda que inicialmente foron considerados monumentos funerarios, na actualidade sabemos que son *saunas* indíxenas coa funcionalidade común a todas elas, áinda que por outro lado destácase a súa utilización para rituais iniciáticos das confrarías de guerreiros, punto este que non está rifado co anterior, pero que polo carácter periférico deste tipo de construcción, aparecen incluso nos foxos, non nos parece que fose a súa función esencial.

Chegados a este punto, fagamos referencia a algún pequeno detalle das murallas. Durante moitos traballos de campo ó longo dos anos, témonos atopado con paisanos que desmontaron murallas castrexas, falándonos das pedras e postes que tiveron que arrancar, pero nalgúns casos dixéronnos algo

máis interesante, os achados de ósos dentro das murallas, non fóra nin ó lado, senón dentro imbricados entre os materiais. Soaba a conto de vellos ata que un día atopamos restos óseos de cabalo nun corte de muralla do castro de Es-piñaredo (As Pontes). Curiosamente nas murallas do castro de Yecla de Yeltes (Vitigudino-Salamanca) atopamos unha abondosa representación de gravados de cabalos, moitos deles reaproveitados con toda probabilidade. O cabalo é unha peza esencial no mundo indoeuropeo, aparecendo sempre vinculado á figura real e por suposto ós cabaleiros. Giraud de Cambrie (cronista galés do século XII) describe unha entronización real mediante o sacrificio dunha egua. O ritual consiste no sacrificio do animal e o rei ten que come-la carne e bañarse no caldo. Para os indoeuropeos o cabalo era un animal consagrado á guerra e á morte; os Rodios sacrificaban anualmente ó sol unha cuadriga con catro cabalos botándoo ó mar. A parella de cabalos, un branco e outro negro, representaba na antigüidade vida e morte; representación esta última que garda similitude cos aneis peristálticos que cercan os enterramentos en moitos túmulos, sendo a metade brancos e outros tantos negros (pedras de seixo e lousa en Galicia). Entre os Escitas trala morte dun rei, realizábase un ritual consistente en afogar cincuenta homes e cincuenta cabalos; situándoos despois por riba do túmulo.

En referencia ós ósos nas murallas, hai que lembrar que en moitas culturas facíanse sacrificios para reforzar espiritualmente diversos tipos de obras, e deseite quedaban protexidas polas divindades.

Dentro do sistema defensivo, amais das murallas das que xa falamos con anterioridade debemos resalta-las pedras fincadas (que impedirían os ataques de cabalería comúns en toda Galicia, chegando a aparecer tan ó N coma na praia da Frouxeira, concello de Valdoviño), empalizadas de espiños, foxos, reforzos na parte inferior dos muros (para evitar o traballo dos zapadores), e no caso de estar protexidos polos ríos, estacas cravadas nos leitos tal como nos describe Julio César.

Ata o da agora, falamos praticamente de cultura material en aspéctos que aínda se poden recoñecer ó longo dos séculos, pero ¿que temos da organización social?. Os estudos de D. Andrés Pena Graña refrendados por outros autores de distintas partes de Europa, entre os que se conta o hispanista R.A. Fletcher, amósannos a pervivencia (coas debidas precaucións, claro) do mundo castrexo no mundo medieval. Na Galicia castrexo o señor do territorio sería coñecido como *prínceps*, a autoridade relixiosa estaría representada polo *ovate*, o xefe das tropas e xefe militar sería o *corono*, grupos de soldados especializados formarían as confrarías de guerreiros; tamén atopamos campesiños libres posuidores de terra, e campesiños sen terra que traballaban para o señor, e para eles mesmos as pequenas parcelas.

Mención á parte merecen as *centurias*, procedentes de grupos familiares capaces de presentar cen homes en armas en caso necesario; posúen a súa propia

administración e xustiza. Séculos máis tarde volveron a asomar na historia durante as guerras irmandiñas baixo o nome de *cuadrillas*. As *centurias* nunca desapareceron, foron utilizadas ó longo do tempo en períodos de inestabilidade, dun xeito regular.

Dentro da clase sacerdotal, descoñecémoslos nomes dos sacerdotes (druídas) agás o do *ovate* aclarado pola Dra. Albalat atopado na Lusitania, e sendo Galicia un territorio céltico, non diferiría en moito doutros países semellantes. Para facernos unha idea, teríamos un sumo sacerdote (druída principal); historiadores que mantíñan a tradición, xuíces-lexisladores, especialistas en relatos épicos, mestres de canto máxico, médicos, músicos e esencialmente coñecedores das sustancias alucinóxenas.

Na toponimia conservanxe referencias ós bosques sagrados (Lubres-Nemetón), a pesar do feroz acoso ó que se veu sometida a relixión céltica e os seus representantes durante a dominación romana, en contraste coa tolerancia mantida polos invasores con outras relixións. De tódolos xeitos a meirande parte de ritos (aínda considerándose froito da superstición), perduraron durante moitos séculos, ata o punto de que, hoxe en día seguen a disfrutar de boa saúde, aínda que parcialmente solapados polo cristianismo.

Un elemento constante que mantemos, dende a Idade do Ferro, ata os nosos días, é un tipo de outeiro caracterizado por estar enclavado en rocha viva, presentando unha serie de características comúns como son os chanzos escavados na rocha, e unha serie de buratos (burgarios). Probablemente os rituais foran comúns ós distintos lugares, aínda que non estamos en condicións de descifralos, agás por un detalle que aparece nalgún deles, no que unha figura feminina cos órganos sexuais ben destacados semella indicarnos algún tipo de ritual de fecundidade. Así mesmo a similitude destas figuras coas dos canzorros das igrexas románicas onde unha muller amosa descaradamente o seu sexo, identificada en Irlanda con Sheelana-Gig (deidade pagán da fertilidade), pode guiarnos polo mesmo camiño.

Outros tipos de outeiros, baséanse nun penedo con distintos tipos de gravados; collendo un exemplo próximo, podemos sinalar o do monte Chamorro (Ferrol), onde unha masa granítica que serve de base a unha pedra de abalar presenta, nun lado, diversas gravados con circos concéntricos, coviñas e unha cazoleta de considerable proporción. O achado dátase no 3000 a.C. Séculos despois coa chegada do cristianismo, o outeiro, non é esquecido, e a xente segue a peregrinar ata o mesmo, onde hoxe en día o monte se enche de romeiros, como consecuencia da cristianización do lugar, coa construción dunha capela que dende o século XII perdura ata os nosos días, converténdose na festa principal da bisbarra. Este exemplo tipo é unha constante na pervivencia de ritos pagáns ó longo dos séculos, asimilados, e non debemos esquecer, conservados por un cristianismo que poderiamos considerar de base.

Co paso do tempo, os castrexos non son inmunes ó progreso; pese a que

Galicia queda moi lonxe doutras zonas peninsulares, prontamente romanizadas, a Pax romana pouco a pouco vai minando o espírito belicoso da nobreza galaica. Por comodidade, evolución, economía ou por necesidades de espacio, moitos dos señores abandonan os castros, erguendo novas construccions non moi lonxe do antigo castro; e dicir, conservando a capitalidade do territorio, e por ende o punto de referencia para o resto da poboación. Un exemplo moi ilustrativo, atopámolo no lugar de Quintá (Narón-A Coruña), onde nun espacio de 200 metros, temos un castro da Idade do Ferro, a carón del consérvanse os restos dunha *villae* de época romana, e non moi lonxe, unha edificación medieval que pertencería a un principal do lugar e que segue a ser habitado na actualidade.

Está claro que esta transición non foi o final de tódolos castros galegos, algúns abandoáronse, outros evolucionaron e autofagocitáronse perdurando ata hoxe en día converténdose en vilas e cidades; outros transformáronse ó longo dos séculos, e os máis illados conserváronse pola súa situación, e hoxe afortunadamente están protexidos polas leis.

Bibliografía

- BAÑOS RODRÍGUEZ “Corpus de inscricións romanas en Galicia (Provincia de Pontevedra)” Alba 1994.
- BELLINGHAM, DAVID “Mitología celta” La máscara 1992.
- BLASCO, CONCEPCIÓN “El bronce final” Sínteses 1993.
- BLAZQUEZ, J.M. “La romanización” I-II Istmo 1975-1986.
- BRAÑAS, ROSA “Indíxenas e romanos na Galicia céltica” Follas novas 1995.
- CABEZA AQUILES, FERNANDO “Os nomes de lugar” Xerais 1992.
- CASTRO PÉREZ, LADISLAO “Os torques prehistóricos” Universidade de Santiago de Compostela 1990.
- ____ “Los torques de los dioses y de los hombres” Vía Láctea 1992.
- ____ “Citania de Briteiros e castro de Sobroso” Sociedade Martíns Sarmento 1987.
- CRİADO BOADO, F.-VÁZQUEZ VARELA, J.M. “La cerámica campaniforme en Galicia” Do castro 1982.
- CHILDE, GORDON “Que sucedió en la historia” Planeta 1985.
- D'ARBOIS DE JUBAINVILLE “Ciclo mitológico irlandés y la mitología céltica” Visión libros 1981.
- EDUARDO CIRLOT, J. “Diccionario de símbolos” Labor 1988.
- ESTRABÓN “Geografía” libros III-IV. Gredos s.a. 1992.
- FLETCHER, R.A. “A vida e o tempo de Diego Xelmírez” Galaxia 1993.
- GARCÍA FERNÁNDEZ ALBALAT, BLANCA “Guerra y religión en Gallaecia y la Lusitania antiguas” Do Castro 1990.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, EMILIO “Las fronteras marítimas atlánticas de Galicia de la prehistoria a la baja Edad Media” Do Castro 1985.

- GIMBUTAS, MARIJA "Diosas y dioses de la vieja Europa" Istmo 1991.
- GORBEA-ALVAREZ SANCHÍS, ALMAGRO "La sauna de Ulaca: saunas baños iniciáticos en el mundo céltico". Servicio de publicaciones de la Universidad de Navarra.
- GRUPO DE ARQUEOLOXÍA TERRA DE TRASANCOS "Aporte sobre velllos cultos no Monte de Chamorro (Ferrol)" Anuario Brigantino 1996.
- _____ "Túmulos prehistóricos no Concello de Ferrol" Anuario Brigantino 1997.
- HARRIS, EDWARD C. "Principios de estratigrafía arqueológica".
- HATT, JEAN JACQUES "Los celtas y los galoromanos" Juventud 1976.
- HERODOTO "Los nueve libros de la historia" Edaf s.a. 1989.
- HUBERT, HENRI "Los celtas y la civilización céltica" Akal.
- JULIO CÉSAR "La guerra civil" Iberia 1982.
- _____ "Comentarios de la guerra de las galias" Espasa Calpe 1919.
- KEATING, ELIZABETH F. "Afinidades culturais entre Galicia e Irlanda" Galaxia 1988.
- KRUTA, VENCESLAS "Los celtas" Edaf 1981.
- LÓPEZ CARREIRA, ANSELMO "Os Irmandiños". A nosa terra 1991.
- LÓPEZ CUEVILLAS, FLORENTINO-BOUZA BREY, FERMÍN "Os oestrimios, os saefes e a ofiolatría en Galiza" Arquivos do seminario d'estudos galegos 1929.
- LÓPEZ PEREIRA, EDUARDO "El primer despertar cultural de Galicia" Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela 1989.
- MACÍNEIRA, FEDERICO "Bares, puerto hispánico de la primitiva navegación occidental" Instituto Padre Sarmiento de estudios galegos 1947.
- MARKALE, JEAN "La epopeya celta en Irlanda" Júcar 1975.
- _____ "Druídas" Taurus 1989.
- _____ "Los celtas y la civilización céltica" Taurus 1992.
- MONTEAGUDO GARCÍA, LUÍS "Actas del III coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas" Universidade de Salamanca 1985.
- _____ "Koiné del bronce atlántico" Ponte de Lima 1981.
- _____ "La religiosidad galaica" Anuario Brigantino 1986.
- MONTESQUIEU "Grandeza y decadencia de los romanos" Alba 1997.
- MORALEJO LASO, A. "Toponimia gallega y leonesa" Pico Sacro 1977.
- NAVEIRO LÓPEZ, JUAN L. "El comercio antiguo en el NW peninsular" Museo arqueológico e histórico da Coruña 1991.
- PENA GRAÑA, ANDRÉS "Narón, un concello con historia de seu". I-II Servicio Sociopedagógico municipal de Narón 1991-2-5.
- _____ "Narón unha historia ilustrada na terra de Trasancos" Servicio Sociopedagógico municipal de Narón 1991-2-5.
- PEÑA SANTOS, ANTONIO DE LA-VÁZQUEZ VARELA, J.M. "Los petroglifos gallegos" Do Castro 1992.

- PEREIRA MENAUT “*Corpus de inscripcións romanas de Galicia (provincia da Coruña)*” Alba 1991.
- POLY, JEAN PIERRE - BOURNAZEL, ERIC “*El cambio feudal*” Labor 1983.
- RAMIL REGO, E. “*El mundo romano en Galicia*” Servicio de publicacións do museo de prehistoria e arqueoloxía de Vilalba 1994.
- RENFREW, COLIN “*El alba de la civilización*” Istmo 1986.
- RODRÍGUEZ CASAL, ANTÓN A. “*O megalitismo, a primeira arquitectura monumental de Galicia*”. Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela 1990.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. “*Corpus-catálogo de inscripcións rupestres de época romana del cuadrante NO de la península ibérica*” Do castro 1993.
- ROMERO MASIA, ANA Mª-POSE MESURA, XOSÉ MANUEL “*Galicia nos textos clásicos*”. Padroado do museo arqueolóxico provincial de A Coruña 1988.
- SAINERO, R. “*La huella celta en España e Irlanda*” Akal 1987.
- _____. “*Leyendas celtas*” Akal 1985.
- SÁNCHEZ YAÑEZ, MARGARITA “*A historia ollada dende a estremadela NO de galiza*” Grafer 1981.
- SARALEGUI Y MEDINA, LEANDRO DE “*Estudios sobre la época celta en Galicia*” Nicasio Taxonera 1867.
- TABULA IMPERII ROMANI “*Hoja K-29: PORTO*” I.G.N. 1991.
- TORRES, CASIMIRO “*La Galicia romana*” Voz de Galicia 1992.
- TWOHIG, ELIZABETH SHEE “*Irish megalithic tombs*” Shire publications Ltd 1990.
- VÁZQUEZ VARELA “*Las raíces de Galicia*” Sálvora 1980.
- VILLARES, RAMÓN “*A historia*” Galaxia 1986.